



Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/5/2020	GOB14I01S
2G6F150R5U2M495R09FY	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA SEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª JOSE OREONA BRA D/Dª JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><u>NON ASISTEN:</u> D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO D/Dª MARIA DE LA MERCED TAIBO REY</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do seis de febreiro de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	---

1º.- **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- **PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REHABILITACIÓN DA ENVOLVENTE TÉRMICA DO CENTRO DE FORMACIÓN "IRMÁS FROILAZ".-**

(...) O Director de Programas Europeos e Planificación Local con data 05.02.2020, elevou a esta Alcaldía o informe- proposta de código PLA14I00S que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de acordo da Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	PLA/2/2020: Subvención para a rehabilitación enerxética da envolvente térmica do Centro de formación “Irmás Froilaz” do Concello de Narón
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos

ASUNTO	Solicitud de subvención
--------	-------------------------

O 17 de xuño de 2017 publicouse no BOP o Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, *pola que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostenible 2014-2020*, modificado polo Real Decreto 316/2019 de 26 abril, publicado o 30 de abril de 2019.

A modificación que incorpora o Real Decreto 316/2019 de 26 de abril, publicado o 30 de abril de 2019, adecúa as bases da convocatoria para dar cabida a municipios de ámbito maior ao de 20.000 habitantes e adecuar os límites económicos de investimento para as actuacións subvencionables á capacidade financeira das entidades locais de ámbito maior.

No artigo 9 dos citados reais decretos establécese que a asignación das subvencións previstas ás *actuacións ou proxectos singulares que resulten seleccionados realizarase por orde de prelación correspondente á data de presentación da solicitude, no ámbito de cada comunidade autónoma ou Cidades de Ceuta e Melilla, e todo iso até esgotar o orzamento dispoñible en devandito ámbito ou ata que expire a vixencia do programa [...] establecida no artigo 11 do Real Decreto 316/2019, de 26 de abril, que se chegue ao 31 de decembro de 2020 sen haberse cursado solicitudes suficientes para esgotar o orzamento dispoñible.*

Neste contexto, resultan subvencionables as actuacións propostas na memoria descritiva que consta no expediente con código PLA/2/2020, Medida 1- Rehabilitación enerxética da envolvente térmica do Centro de formación “Irmáns Froilaz” do Concello de Narón, elaborada pola arquitecta técnica municipal do Concello de Narón, que recolle os datos procedentes proxecto técnico “Mellora da envolvente térmica do Centro de formación Irmáns Froilaz, redactado por Proyfe S.L.

O importe estimado destas actuacións ascende a 372.063,84 €. A solicitude de subvención a devandita convocatoria implica unha cofinanciación FEDER do 80% (297.651,07 €), que supón unha achega mínima municipal do 20% (74.412,77 €).

Resultan de aplicación, para solicitar a subvención, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- *Resolucións de Alcaldía, do 25 de xuño de 2019, sobre designación de Tenentes de Alcalde, membros da Xunta de Goberno Local e delegacións feitas pola alcaldía na Xunta de Goberno Local (BOP nº 125 de 4 de xullo de 2019).* Nesta resolución a Alcaldía- Presidencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, *a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.*

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2020. Concretamente a base 52, apartado 1, sinala que as solicitudes de subvencións [...] que se sometan á aprobación da Xunta de Goberno Local deberán ir acompañadas dun plan de financiamento con indicación das cantidades correspondentes, no seu caso, á achega do Concello e das aplicacións orzamentarias de procedencia. Para ese efecto, achégase o plan de financiamento de código PLA14I00R.

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

- Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e Consello, de 17 de decembro de 2013, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.



- Regulamento (UE) nº 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006.

Considerando que o artigo 12 do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares que faciliten o paso a unha economía baixa en carbono no ámbito das Entidades locais españolas, con cargo aos fondos FEDER incluídos no Eixo 4 de Economía Baixa en Carbono do Programa operativo plurirregional de crecemento sustentable, establece a documentación que debe achegar xunto coa solicitude para participar nesta convocatoria, entre outra:

- a) *Certificado acreditativo da resolución ou acordo do órgano de goberno ou de representación competente da entidade solicitante no que, de forma expresa, se aproben:*
 - 1º *A participación e aceptación expresa do procedemento regulado por este Real Decreto.*
 - 2º *As actuacións que compoñen o proxecto singular subvencionable e a dotación orzamentaria para levala a cabo. Esta aprobación orzamentaria poderá atoparse condicionada á obtención de cofinanciación FEDER para levala a cabo.*
 - 3º *A Memoria descritiva das actuacións a acometer [...]*
- a) *Certificado de disposición de crédito suficiente para levar a cabo as actuacións expostas ou compromiso de habilitar crédito suficiente para financiar o proxecto exposto, no caso de que o mesmo resulte seleccionado nesta convocatoria, emitido pola Intervención da Entidade Local ou unidade administrativa que exerza as súas funcións.*
- b) *Memoria descritiva das actuacións a acometer e que conforman o proxecto singular. [...]*

Constatada a necesidade e urxencia de remitir o Acordo e o resto de documentación exixible e polo anteriormente exposto, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Solicitar ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), designado como Organismo Intermedio do Programa Operativo de Crecemento Sustentable 2014-2020, a participación do proxecto de *Rehabilitación enerxética da envolvente térmica do Centro de formación “Irmáns Froilaz” do Concello de Narón (Medida 1)*, cun orzamento total elegible de 372.063,84 €, na convocatoria de subvención regulada polo Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, modificado polo Real Decreto 316/2019, de 26 de abril polos que se regula a concesión directa *de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020*, do proxecto de Renovación da iluminación pública do Concello de Narón.

SEGUNDO: Aceptar de forma expresa os procedementos regulados no Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, modificado polo Real Decreto 316/2019, de 26 de abril polos que se regula a concesión directa *de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020*.

TERCEIRO: Aprobar a memoria descritiva das actuacións a acometer, que figura no expediente con código PLA/2/2020, elaborada pola arquitecta técnica municipal do Concello de Narón, que recolle os datos procedentes proxecto técnico “Mellora da envolvente térmica do Centro de formación Irmáns Froilaz, redactado por Proyfe S.L.

As actuacións céntranse en mellorar as características térmicas deste edificio de titularidade municipal cuxa principal función é a de Centro de formación do concello.

As obras que levarán a cabo dentro deste proxecto, centraranse na envolvente do edificio, solucionando os graves problemas de filtracións de auga que existen e mellorando as condicións térmicas do mesmo.

CUARTO: Aprobar o seguinte plan de financiamento provisional para o proxecto de rehabilitación enerxética da envolvente térmica do Centro de formación “Irmáns Froilaz” do Concello de Narón, de acordo co establecido no informe adxunto de código PLA14I00R que se mostra aquí resumido:

Proxecto	Rehabilitación da envolvente enerxética do Centro de Formación Irmáns Froilaz
Importe total elegible	372.063,84 €
Importe solicitado (80%)	297.651,07 €
Achega municipal (20%)	74.412,77 €
Aplicación orzamentaria	9330 63200 (Xestión Patrimonio- Edificios e outras construcións)

No momento de aceptar, no seu caso, a subvención, procederase a tramitación do correspondente expediente de habilitación de crédito para acometer a actuación.

QUINTO: Asumir o compromiso de habilitar crédito suficiente para financiar o proxecto exposto (Medida 1- Rehabilitación da envolvente enerxética do Centro de Formación “Irmáns Froilaz” do Concello de Narón), no caso de que o mesmo resulte seleccionado nesta convocatoria, na correspondente aplicación orzamentaria, polo que a aprobación orzamentaria para levar a cabo o proxecto exposto atópase condicionada á obtención de cofinanciación FEDER.

SEXTO: Designar á Alcaldesa-Presidenta, Dna. Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para a relación co Organismo Intermedio designado para os actos derivados da execución deste acordo”.

Visto o citado informe e despois da toma de razón de Intervención deste Concello, segundo o documento de código **ICO14I009** esta Alcaldesa propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE APROBACION DO PADRON FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR- DEPENDENCIA DO MES DE XANEIRO DE 2020.- (....)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de Dependencia, do mes de xaneiro de 2020, cun total de 234 contribuíntes e por importe de 23.211,24 €.

Segundo: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá desde o 20/02/2020 ata o 20/04/2020, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Terceiro: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a alcaldía.



Cuarto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Quinto: Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes o día 20/02/2020.

Sexto: Os recibos non domiciliados poderán ingresarse en calquera oficina das entidades bancarias colaboradoras (Abanca, Banco Santander, Banco Sabadell e Caixabank) empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado polo contribuínte por correo ordinario. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>. No caso de non recibir no seu domicilio, ou de perda, do devandito instrumento o obrigado ao pagamento poderá obter un duplicado na Tesourería do Concello de Narón, planta 4ª do Concello, ata o 17/04/2020, e efectuar o pagamento nos prazos antes indicados, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento e non impide a utilización da vía de constrinximento.

Días de ingreso: días hábiles nos horarios de caixa establecidos polas entidades colaboradoras para o pagamento dos recibos non domiciliados. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>.

Ademais, os contribuíntes que sexan clientes das entidades financeiras colaboradoras do Concello poderán (as 24 horas do día) efectuar o pago accedendo á banca electrónica desa entidade financeira.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- PROPOSTA DE APROBACION DOS PADRONS FISCAIS DAS TAXAS POLOS SERVICIOS PRESTADOS POLO SERVICIO SOCIOCOMUNITARIO (ENVELLECIMIENTO ACTIVO, PROMEDEX, ESCOLAS DE MUSICA) DO MES DE XANEIRO DE 2020.- (...)

Primeiro.- Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (envellecemento activo) do mes de xaneiro de 2020, cun total de 447 contribuíntes e por importe de 3.643,05 €.

Segundo.- Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (PROMEDEX e escolas de música) do mes de xaneiro de 2020, cun total de 141 usuarios e por importe de 1.149,15 €.

Terceiro.- Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá dende o 20/02/2020 ata o 20/04/2020, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os

recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Cuarto.- Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía deste Concello.

Quinto.- Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Sexto.- Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuran correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes o día 20/02/2020.

Sétimo.- Os recibos non domiciliados poderán ingresarse en calquera oficina das entidades bancarias colaboradoras (Abanca, Banco Santander, Banco Sabadell e Caixabank) empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ao domicilio declarado polo contribuínte por correo ordinario. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>

No caso de non recibir no seu domicilio, ou de perda, do devandito instrumento o obrigado ao pagamento poderá obter un duplicado na Tesourería do Concello de Narón, planta 4º do Concello ata o 17/04/2020, e efectuar o pagamento nos prazos antes indicados, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento e non impide a utilización da vía de constrinximento.

Días de ingreso: días hábiles nos horarios de caixa establecidos polas entidades colaboradoras para o pagamento dos recibos non domiciliados. Tamén poderá efectuarse o pago por internet as 24 horas do día accedendo a: <http://www.naron.es>

Ademais os contribuíntes que sexan clientes das entidades financeiras colaboradoras do Concello poderán (as 24 horas do día) efectuar o pago accedendo á banca electrónica desa entidade financeira.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

A ALCALDESA-PRESIDENTA



Asdo.- MARIÁN FERREIRO DÍAZ

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI